



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Persoal

Modificación puntual da relación de postos de traballo

ANUNCIO

MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 26 de abril de 2021, aprobou inicialmente a modificación da relación de postos de traballo que afecta á Área de Urbanismo e Obras, que se someteu a información pública polo prazo de vinte días, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 82, do 4 de maio de 2021.

Transcorrido o prazo de información pública sen que se teñan presentado reclamacións, suxestións ou alegacións, o acordo enténdese definitivamente aprobado, procedendo, xa que logo a publicación da modificación acordada, que é a seguinte:

DENOMINACIÓN POSTO	CÓDIGO	ESCALA	REQUISITOS
Xefatura Servizo Licenzas e Disciplina Urbanística	4200F1128	A.X/A.E	Licenciatura/Grao en Dereito/Arquitectura
Xefatura Servizo Planeamento e Xestión Urbanística	4100F2128	A.X/A.E	Licenciatura/Grao en Dereito/Arquitectura

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os/as interesados/as, interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o dictou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2021.

Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local

(PD Dto. Alcaldía 17/06/2019)

Marta Abal Rodríguez

2021/4996